

O PEQUENO ECOLOXISTA na escola*

Comedeiros e niños para aves

Moitos nenos e nenas gustan de observar paxaros: o variado colorido da súa plumaxe, os seus rápidos movementos, os seus afáns para facer niños ou alimentar á prole,... Algúns pódense atraer ás ventás -sempre que non haxa gatos preto- proporcionándolles comida e/ou bebida, sobre todo no tempo de inverno; para que se queden cómpre facilitarlles sitio para aniñar, co que, ademais, se contribúe á súa conservación: coa destrución de bosques e matos desaparecen moitos lugares potenciais para a niñificación. Hai deseños para diferentes paxaros; o

máis común, que pode servir para carrizos, rabirrubios, gabeadores,... é unha caixa rectangular cun burato de entrada, do que o tamaño determinará o dos paxaros que a poden usar: se é maior de 2,9 cm xa poden entrar os gorrións (e se o niño se coloca nun xardín, o máis probable é que a ocupen eles).

As caixas deben colocarse co burato protexido do vento dominante (preferiblemente orientado ó sur) e moito antes da época de cría para que as aves se familiaricen con elas -polo xeral, o primeiro ano non as utilizan-. Hai que axerar o uso que fan delas, e cando haxa

certeza de que saíron as crías e o niño xa non o utilizan, cómpre retiralo -coa protección duns guantes-.

Preparar comedeiros ou niños é tarefa doada e gratificante, segundo nos describe Marta (7º de EXB; Colexio Público de O Carballiño).

**Cerna abre esta sección co animo de divulgar aquelas actividades que, a modo de obradoiro, podan realizar rapaces e rapazas na escola, ou en actividades de tempo libre.*

Chamamos á colaboración de pequenos e grandes, e ofrecemos estas páxinas para o intercambio de experiencias entre colectivos interesados e a súa divulgación e espallamento públicos. Os traballos han de enviarse ao enderezo da Revista Cerna: Rua de Touro 21-2º, 15704 - Santiago de Compostel.

Taboleiro

Seminario UNESCO

CAPTACION E XESTION DE PATROCINIOS PARA PROXECTOS SOBRE O PATRIMONIO ECOLÓXICO

O seminario está orientado a mellorar as vías de captación de recursos externos polas entidades públicas e privadas que realicen labores de investigación, recuperación e conservación, educación ambiental e turismo verde.

Ourense: Casa da Xuventude, venres 6 de maio

Santiago: xoves 26 de maio

Información: Centro Unesco de Galiza, Apdo. 824, 15780-Santiago (tlf. 981-570692).

La Nueva

CASA DE CAMPO DEDICADA AO TURISMO RURAL

Casa de pedra, restaurada, na aldea de Raposeiras a 30 kh de Xinzo de Limia, nun bonito lugar con carballos e catifeiros. Ofrece-se a grupos e individuos, para repouso, cursiños, encontros, etc.

Contacto: Ana Alonso, C/Torrecilla del Leal, 16. 28012-Madrid (Tlf. 91-5288406)

CAMPAMENTOS NA NATUREZA, ROTEIROS ECOLOXICO-CULTURALS...

Xullo a setembro

- Ancares, Costa da Morte, Forcarei, Rio Sor...

Actividades de sensibiización ambiental, xogos cooperativos, obradoiros de medioambiente, interpretación ambiental, cicloturismo...


Información: S. Cooperativa Ltda. de Educación Medioambiental c.e.m. (R/Laracha, nº 10, A Coruña; Tlf. 981255640).

ACTIVIDADES DE DIVULGACION E DEFENSA AMBIENTAL

ADEGA

Roteiros Ecolóxicos; Obradoiros. Conferencias, charlas, audiovisuais (Resíduos, Reciclaxe, O Bosque galego, Calidade das águas, Contaminación fluvial, História do ecoloxismo na Galiza, Chuvia ácida, Conservación de espacios naturais...); Campañas de defensa ambiental (Denúncias por delitos ecolóxicos, Estudos de contaminación, Alegacións a proxectos, Dosiers, etc).

Información: ADEGA, Rua de Touro 21-2º, 15704-Santiago (tef. 981-570099)



5 de xuño. Día Mundial do Medio Ambiente

Tomamos conciencia activa dos problemas que afectan ó noso Planeta e aportamos o esforzo dun pobo por un mundo mais xusto e solidario. Por eso entendemos que a educaciión ambiental é básica para o desenvolvemento da mocidade.


Proxecto Arbore 1994: 5.000 árbores plantados polas rapazas e rapaces de Oleiros.



CONCELLARÍA DE XUVENTUDE
FUNDACIÓN MUNICIPAL DE CULTURA
CONCELLO DE OLEIROS

- O NIÑO -

A observación das aves é máis difícil que a de outros animais xa que estas escapan facilmente. Propómosche un traballo co que cal, ademais de atraer-las aves ata o propio patio de teu colexio ou casa, servirache para protexelas e axudalas de forma eficaz.



Para facer un niño como o do exemplo necesitarás:

- Unha serra e un serrucho
- Un martelo e 24 cravos de 32 m.m.
- Un metro
- Unha tira de goma que servirache para por coas tacholas na parte superior
- Unhas tacholas

É unha taboa de 15 x 185 cm x 147 m que cortarás da seguinte maneira

30 cm	25 cm	x			
LATERAL	LATERAL	FRENTE	TEITO	BAIXO	BASE
25 cm	20 cm	20 cm x 21'25 cm	11'25 cm	15 cm	45 cm


Ahora sómente tes que montalo.

Colocao no patio do teu colexio ou na túa casa

DEBUXA: MARTA (DE 7º) PATROCINA: ADEGA - O CARBALLIÑO

- O COMEDERO -

Unha boa táctica para poder observa-las nosas aves máis de cerca é colocar comedeiros e bebedeiros cerca das ventás, nos patios de luces, terrazas, ect, e en xeral en calquera lugar desde o que podamos observar o animal sen escorrentalo.



Fai da seguinte maneira para facer un comedero como o do exemplo

Unha taboa como esta fixa os listóns pola parte inferior con dous tornillos. As aberturas que quedan nas esquinas son para que saia a auga da chuva. Agora pinta a superficie da plancha con barniz.

Como bebedeiros emprega unha bandexa vella ou un prato grande

DEBUXA: MARTA (DE 7º) PATROCINA: ADEGA - O CARBALLIÑO